



Os oito mitos de Palermo





1.ª edición, 1.ª impresión. Maio, 2024

© Antonio Seijas, 2024

Aira editorial, 2024

© Follas Voadoras, SL
Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo
32660 Allariz

contacto@airaeditorial.gal

Entra en airaeditorial.gal e coñece todas as vantaxes
de subscribirte ao CLUB AIRA

Deseño da tapa: David Calviño

Ilustración da tapa: Antonio Seijas

Impresión: La Imprenta CG

ISBN: 978-84-128581-4-3
Depósito legal: OU 130-2024

Axúdanos a manter en pé o ecosistema do libro.
Se necesitas fotocopiar ou escanear algún fragmento deste
libro, comunícate co Centro Español de Dereitos
Reprográficos (CEDRO): conlicencia.com.

Reservados todos os dereitos. Esta obra está protexida pola lei.





Os oito mitos de Palermo

Antonio Seijas



Aira





PALERMO (I)

Ascuas nas mans dun rei antigo

Demasiada pel
Demasiados ósos
Demasiada carne
Demasiada alma
Demasiado de humano
aínda en min

I

O zoar
(eléctrico)
do enxame de abellas ao pasar sobre nós
A corda de distantes fatigas que nos ata
O sol tenro e a herba mollada

«Onde quedou Palermo?»
hasme preguntar
Onde quedou Palermo...



II

Entretéñome a contar
(ata douscentos seis)
os ósos que me levan a ti
A vulgar a separación entre as vértebras
A xogar cos dedos da curiosidade nas cartilaxes
herdadas
elásticas
resistentes

Entretéñome a contar
sen deixar de morrer
sen deixar de camiñar

Entretéñome a contar

III

«Onde quedou Palermo?»
hasme preguntar

Palermo
Coma cando un rei antigo encaixa o ouro
(materia coroadada nunha cabeza de fume negro)
procedente dun berro xordo



Nomeas Palermo

e as ascuas atravesan

gorentosas

as mans

amarrando o vermello para que non se extinga

[fumegante

Nas calellas de pedra

fixérase suave

o noso unir de ósos no lume branco

Todo tan concibido

na singularidade

O paporroibo alumea no piñeiro aínda hoxe

na miña cabeza

(Posiblemente na miña cabeza)

Pero aí o vexo

Onde quedou Palermo

